



Esquerda Unida fai público un documento de información co que pretenden que os veciños que accedan ao Plan Xeral de Nigrán poidan interpretar a maraña de siglas e clasificacións que contén para identificar as súas propiedades.

O documento urbanístico foi aprobado o pasado 17 de xuño en solitario cos votos do Partido Popular, logo de que fose exposto ao público apenas unha semana antes e baixo a presión dos colectivos veciñais e partidos da oposición que reclamaban máis tempo para revisar os erros que contén o documento.

EU Nigrán fai pública este pequeno decálogo de nomenclaturas co obxectivo de facilitar á veciñanza a interpretación da documentación do PXOM, logo de que non existan outra alternativa para a súa consulta. Informan de que non pretende ser unha guía completa, "senón unha axuda".

Manual interpretación

Os planos poden ser de información ou de ordenación.

Nos planos de información (O seu nome empeza por I), infórmase de varios aspectos, como a clasificación actual, as zonas de ordenanza, etc.

Os planos importantes para analizar como vai a quedar Nigrán son os planos de ordenación (O

Escrito por VM
Sábado, 29 Xuño 2013 18:34

seu nome empeza por O)

Polo tanto vamos a analizar os diferenets planos de ordenación e documentos de interese que nos poden ser de mais utilidade:

O2.1.Justificacion clasificacion (tamén O2, O3 e O4).

Son catro planos nos que se divide o termo municipal de Nigrán nos que se poden visualizar tanto as edificacións (as que aparecen) como as parcelas existentes. Hai que ter en conta que a cartografía empregada non está actualizada.

Neles se pode como se clasifica un terreno.

Este pode ser urbano (consolidado ou non consolidado), rural (tradicional ou común) ou solo rustico (de especial protección ou de protección ordinaria). Tamén se determina se o terreno está incluído nun PERI, SUD, SUND ou POL

O4.1-Calificación, Gestión y Alineaciones_01, 02, 03, 04, 05, 06 e 07

Estes son planos para determinar dentro do solo urbano consolidado a ordenanza que lle é de aplicación, así como o grao (por exemplo RU-3 Residencial Unifamiliar Grao 3). En principio se se cumpren os requisitos para edificar obtense unha licenxia directa e se pode edificar segundo a ordenanza que lle é de aplicación.

O4.2-Calificación, Gestión y Alineaciones_NR

Estes son planos para determinar dentro do solo rural (tanto común como tradicional) a ordenanza que lle é de aplicación (por exemplo NRC1 Nucleo Rural Común Grao 1). En principio se se cumpren os requisitos para edificar obtense unha licenxia directa e se pode edificar segundo a ordenanza que lle é de aplicación.

Documento das ordenanzas urbanísticas

Unha vez determinada para unha finca a ordenanza de aplicación e o grao (para o solo urbano consolidado e para o rural), váise ao documento das ordenanzas urbanísticas, búscase a ordenanza e o grao e alí pon o que se pode facer.

PERIs, SUDs, SUNDs E POL

Escrito por VM
Sábado, 29 Xuño 2013 18:34

En principio, aínda que este solo este clasificado como urbano non consolidado, urbanizable ou rural, nestes terreos non se pode edificar até que se desenvolva o instrumento urbanístico previsto.

Para saber que se pode facer hai que ir ao documento “Documento IV.B- Fichas Ordenación e Xestión”, e buscar o ámbito que lle é de aplicación.

Zonas verdes e equipamentos

No solo que está destinado para zonas verdes ou equipamentos non se vai a poder edificar vivendas. Os propietarios destes terreos participarán dos beneficios urbanísticos dos SUD, ou PERIs aos que están adscritos.

Solo rústico

A normativa a aplicar dependerá de se é ordinario ou de especial protección. Por exemplo no solo rústico de especial protección de infraestructuras practicamente non se pode facer nada.

Areas de recualificación

Existen 4 areas de recualificación (San Román, Monteferro, Chandebrito e MonteLourido) nos que se fará un desenvolvemento seguindo plans especiais. A descripción do que se vai a facer está nas fichas respectivas (ver “Documento **IV.B- Fichas Ordenación e Xestión**”), aínda que non son moi concretos.

Dubidas respecto á documentación do PXOM de Nigrán

EU Nigrán brinda un correo electrónico para resolver as dúbidas xa que segundo sinalan "*som os conscientes de que esta guía é moi elemental, polo que para calquera dúbida de interpretación poden porse en contacto con nós a través do correo electrónico*

eu-nigran@esquerdaunida.org

e na medida do posible, a trataremos de solucionar

."

[Descargar documento inicial PXOM de Nigrán](#)